



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE INTERVENCIÓN

Anuncio

Informada pola Comisión de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas en sesión celebrada o día trinta de maio de dous mil vinte e cinco, a Conta Xeral do Orzamento da Excma. Deputación Provincial de Lugo, correspondente ao ano 2024, expónse ao público na Secretaría da Excma. Deputación Provincial, xunto cos documentos que a acompañan, por espazo de quince días, durante os cales os interesados poderán presentar reclamacións, reparos e observacións á mesma, de conformidade co art. 212 do Real decreto Lexislativo 2/2004, texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Lugo, cinco de xuño de dous mil vinte e cinco.- O PRESIDENTE, José Tomé Roca. O SECRETARIO, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1581

SECCIÓN DE ACTAS E GOBERNO

Anuncio

Resolución da Presidencia da Excma. Deputación Provincial de Lugo, de data 28 de maio de 2025, sobre cesamento de persoal eventual, que textualmente din o seguinte:

“Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

“Visto que por Resolución da Presidencia de data 16 de xaneiro de 2024, nomeouse a Dona Darya Fernández Gómez, Asesora Nivel III do Cadro de Persoal Eventual, con efectividade do día 16 de xaneiro de 2024, adscrita ao Grupo Provincial Socialista.

Vista a proposta formulada pola Presidencia da Deputación na que se propón o seu cese con efectividade do día 31 de maio de 2025.

Considerando que a regulación dos ceses do persoal Eventual establécese de conformidade co sinalado no artigo 12.3 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público que di: “O nomeamento e cese serán libres. O cese terá lugar, en todo caso, cando se produza o da autoridade ó que preste a función de confianza e asesoramento”.

Igualmente o artigo 104.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, sinala, en relación ao persoal eventual, que: “O nomeamento e cese destes funcionarios é libre e corresponde ao Alcalde ou ao Presidente da Entidade Local correspondente. Cesan automaticamente, en todo caso, cando se produza o cese ou expire o mandato da autoridade á que prestan a súa función de confianza ou asesoramento”.

De conformidade co sinalado nos artigos 12.3 do EBEP e do 104.2 da LRBRL, propoño á Presidencia da Deputación que, en uso das facultades que confire a esa Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resolva:

Que Dona Darya Fernández Gómez, cese no desempeño das súas funcións como Asesora Nivel III do Cadro de Persoal Eventual, e deixe de prestar servizos a esta Deputación Provincial, con efectividade do día 31 de maio de 2025, derradeiro día no que presta servizos efectivos con base no nomeamento sinalado.”

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes”.

O que se fai público aos oportunos efectos.

Lugo, dous de xuño de dous mil vinte e cinco.- O PRESIDENTE, José Tomé Roca. O SECRETARIO, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1536

CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

Anuncio

O Pleno do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, en sesión ordinaria celebrada o día trinta de maio do dous mil vinte e cinco, aprobou inicialmente a modificación dos artigos 2º e 7º da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos e realización de determinadas actividades administrativas.

Exponse ao público polo prazo de trinta días, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio, na Secretaría – Intervención do Consorcio, sita na Excm. Deputación Provincial de Lugo, para que as persoas interesadas poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, de conformidade co establecido no artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Se transcorrido dito prazo non se presentaron reclamacións, entenderase definitivo o mencionado Acordo.

Lugo, 3 de xuño de 2025.- O Secretario do Consorcio, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1582

Anuncio

O Pleno do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, en sesión ordinaria celebrada o día trinta de maio do dous mil vinte e cinco, aprobou inicialmente a modificación do artigo 4º da Ordenanza reguladora da administración electrónica.

Exponse ao público polo prazo de trinta días, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio, na Secretaría – Intervención do Consorcio, sita na Excm. Deputación Provincial de Lugo, para que as persoas interesadas poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, de conformidade co establecido no artigo 70.2. da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local.

Se transcorrido dito prazo non se presentaron reclamacións, entenderase definitivo o mencionado Acordo.

Lugo, 5 de xuño de 2025.- O Secretario do Consorcio, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1583

BARALLA

Anuncio

Expediente 306/2025

Aprobado inicialmente polo Pleno deste Concello en sesión ordinaria realizada o 29 de maio de 2025, o regulamento de control interno na súa modalidade de Fiscalización e Intervención previa limitada, expónse ao público polo prazo de trinta días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio, dentro do cal os interesados poderán presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas.

De non presentarse reclamacións ou suxestións entenderase definitivo o acordo provisional.

O expediente atópase a disposición nas dependencias municipais do Concello.

Baralla, 2 de xuño de 2025.- O alcalde, Miguel González Piñeiro.

R. 1546

*Anuncio***Expediente 338/2025**

En cumprimento do establecido no artigo 26 do Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, aprobado polo Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, faise pública a aprobación dun Plan económico-financeiro polo Pleno desta Corporación en sesión de data 29/05/2025, con vixencia para os exercizos 2025/2026 e motivado polo incumprimento do principio de regra de gasto con ocasión da aprobación da liquidación do orzamento do exercizo 2024, o cal estará a disposición dos interesados nas dependencias da secretaría xeral do Concello de Baralla.

Baralla, 2 de xuño de 2025.- O alcalde, Miguel González Piñeiro.

R. 1537

BARREIROS*Anuncio***CONVOCATORIA DE APERTURA DA BOLSA DE EMPREGO PARA POSTOS DE XEFE/A DE BRIGADA E CONDUCTOR/A DE MOTOBOMBA COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL NO CONCELLO DE BARREIROS 2025**

Por acordo da Xunta de Goberno Local do 6 de xuño de 2025 aprobanse as bases que rexerán a as bolsas de emprego para cubrir posibles prazas para postos de Xefe/a de brigada e conductor/a de motobomba como persoal laboral temporal do Concello de Barreiros.

Prazo de presentación de instancias: DEZ DÍAS NATURAIS (contan sábados, domingos e festivos) a contar dende o seguinte ó da publicación deste anuncio (de 9:30 a 14:30 horas, no Rexistro xeral do concello de Barreiros- Rúa Vila, 63, 27790, San Cosme de Barreiros), tamén poderán presentarse a través da sede electrónica municipal (barreiros.sedelectronica.es) e tamén se poderán remitir na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015 segundo o establecido nas bases.

Bases da bolsa: publicadas na páxina web do concello www.concellodebarreiros.gal e no Taboleiro de anuncios do concello (físico e sede electrónica).

Barreiros, 6 de xuño de 2025.- A alcaldesa, Ana Belen Ermida Igrexas.

R. 1604

BECERREÁ*Anuncio*

Mediante Decreto de Alcaldía nº 2025-0333, ditada o día 06/06/2025, aprobáronse as bases específicas para a selección e posterior contratación de DEZ traballadores para a formación de DÚAS brigadas de prevención e defensa contra incendios e DOUS traballadores para actuacións de vehículo motobomba ao abeiro do Convenio de colaboración que se prevé entre a Consellería de Medio Rural e o Concello de Becerreá para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de medios de prevención e defensa, para os seguintes postos:

- 2 xefe de brigada
- 2 peón-conductor
- 6 peóns de brigada
- 2 conductores de motobomba

Duración dos contrato: tres meses.

Prazo de presentación de solicitudes:nos cinco días hábiles seguintes ao da publicación deste anuncio de convocatoria no BOP, no Rexistro Xeral do Concello en horario de 9.00 a 14.00 horas, de luns a venres o por medios electrónicos.

Máis información nas bases específicas da convocatoria que poderán ser consultadas na sede electrónica do Concello de Becerreá <https://concellodebecerre.sedelectronica.gal/board>

Este proceso selectivo está exento de taxas.

Becerreá, 6 de xuño de 2025.- O alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 1605

BEGONTE

Anuncio

CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL: BRIGADA MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS AÑO 2025.

Por Resolución desta Alcaldía de data 6 de xuño de 2025, aprobáronse as bases que rexerán a selección - en réxime laboral temporal e mediante concurso - oposición - de 1 Xefe de Brigada, 3 Peóns de Brigada e 1 Peón-Conductor para a constitución no municipio dunha Brigada de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais para este ano.

As ditas bases están a disposición dos interesados napáxina web do Concello (www.concellodebegonte.es/gl/concello/emprego) e no Taboleiro municipal de anuncios, sendo o prazo de presentación de solicitudes de 10 días naturais a contar desde a publicación deste anuncio no “Boletín Oficial da Provincia”.

Begonte, 6 de xuño de 2025.- O alcalde-Presidente, José Ulla Rocha.

R. 1606

CERVO

Anuncio

O Pleno do Concello de Cervo, en sesión celebrada o día 4 de xuño de 2025, prestou aprobación ao Plan Económico Financeiro 2025-2026. De acordo co establecido nos artigos 21 e seguintes da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, sométese a exposición pública o mesmo, a meros efectos informativos, no portal de transparencia do Concello de Cervo.

Cervo, 6 de xuño de 2025.- A alcaldesa, M^a Dolores García Caramés.

R. 1607

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de 4 de xuño de 2025, o expediente de modificación de crédito núm. 6/2025 por crédito extraordinario núm. 1/2025 do vixente Orzamento Municipal para 2025, en cumprimento do disposto nos artigos 38 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril e 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e disposicións concordantes, expónse ao público na Intervención do Concello por prazo de 15 días hábiles, que empezarán a contar dende o seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ao fin de que durante o mesmo os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións, que deberán ser dirixidas á Alcaldesa desta Corporación.

Cervo, 6 de xuño de 2025.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 1608

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de 4 de xuño de 2025, o expediente de modificación de crédito núm. 7/2025 por suplemento de crédito núm. 1/2025 do vixente Orzamento Municipal para 2025, en cumprimento do disposto nos artigos 38 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril e 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e disposicións concordantes, expónse ao público na Intervención do Concello por prazo de 15 días hábiles, que empezarán a contar dende o seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ao fin de que durante o mesmo os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións, que deberán ser dirixidas á Alcaldesa desta Corporación.

Cervo, 6 de xuño de 2025.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 1609

GUITIRIZ

Anuncio

Modificación inventario municipal de camiños. Expte. 364/2025

Por acordo do Pleno Municipal adoptado en sesión ordinaria de data 29 de maio de 2025 aprobouse proceder a modificación do camiño co código 14-2098 e referencia catastral 27022A04209017.

O expediente queda sometido a información pública polo prazo de 20 días hábiles a contar dende o día seguinte o da súa publicación no BOP e no taboleiro de anuncios para que calquera persoa física ou xurídica poida examinar o expediente e formular as reclamacións e suxestións que estime pertinentes.

Guitiriz, 3 de xuño de 2025.- A alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 1538

GUNTÍN

Anuncio

CONVOCATORIA DE EMPREGO: 1 PEÓN LIMPEZA. PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2024

O Concello de Guntín por Resolución de Alcaldía de data 09.05.2025 aprobou a convocatoria e por Resolución de Alcaldía de data 09.05.2025 aprobou as bases para seleccionar 1 **PRAZA DE PEÓN LIMPEZA**. E por Resolución de data 05.06.2025 aprobouse a apertura de novo prazo de presentación de instancias

- Modalidade de contratación: contrato temporal por circunstancias da produción.
- Duración: 3 meses
- Xornada: completa
- Salario: a retribución mensual bruta será de 1.381,33 € mes incluído o rateo das pagas extra.
- Funcións: propias de peón de limpeza segundo se recolle nas bases.
- Prazo para presentación de solicitudes: **2 días hábiles** a partir do día seguinte á publicación do presente anuncio no **BOP DE LUGO**

No caso de solicitudes por correo, rógase aviso por fax ao 982 32 00 88.

As bases atópanse dispoñibles en:

- paxina web: : www.guntin.es
- oficinas xerais do Concello de Guntín.
- no taboleiro de anuncios do Concello de Guntín

Guntín, 5 de xuño de 2025.- O Alcalde, Ángel Pérez Rodríguez.

R. 1584

RIBEIRA DE PIQUÍN

Anuncio

Mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 27 de maio de 2025, aprobáronse as bases xerais que rexerán o procedemento para a selección dun xefe de brigada, un peón-condutor e tres peóns forestais para formar a brigada de prevención e defensa contra incendios forestais para o ano 2025 do Concello de Ribeira de Piquín, como persoal laboral temporal, a xornada completa (100%), cunha duración de tres (3) meses.

Segundo o disposto na base quinta (5ª), as instancias dirixidas ao Sr. Alcalde, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, en horario de oficina, -09.00 / 14.00 horas-, durante o **prazo de cinco (5) días hábiles**, comenzando a computarse o dito prazo a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As citadas bases atópanse publicadas na páxina web do Concello: www.ribeiradepiquin.es, podendo consultarse tamén nas oficinas municipais en horario de oficina.

Ribeira de Piquín, 6 de xuño de 2025.- Alcalde-Presidente, don Roberto Fernández Rico.

R. 1610

SARRIA

Anuncio

Aprobado inicialmente o expediente de modificación de créditos, suplemento de crédito SC 2/2025 do Concello de Sarria, na sesión ordinaria do Pleno celebrada o 29 de maio de 2025, en cumprimento do disposto nos artigos 177.2 e 169.1 do Real Decreto-Legislativo 2/2004, Texto Refundido da Lei 39/1988, reguladora das Facendas Locais, o expediente expónse ao público na Intervención Xeral do Concello polo prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, podendo os interesados examinalo e presenta-las reclamacións que estimen oportunas.

O expediente de modificación de créditos quedará definitivamente aprobado se transcorrido dito prazo de exposición non se presentaran reclamacións. No caso contrario, o Pleno terá un prazo de un mes para resolvelas.

O expediente de modificación de créditos definitivamente aprobado publicarase no Boletín Oficial da Provincia, entrando en vigor coa súa publicación.

Sarria, 3 de xuño de 2025.- O Alcalde, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 1539

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA

O Pleno do Concello de Sarria, en sesión realizada o día 27/03/2025, acordou aprobar provisionalmente a Ordenanza Reguladora de referencia.

O expediente someteuse a información pública mediante anuncios publicados no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 84, de data 11/04/2025 e no Portal de Transparencia da Sede Electrónica Municipal.

Como queira que non se presentaron reclamacións durante o devandito trámite, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo de aprobación provisional, cuxo texto íntegro se fai público para xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA VENDA DE PRODUTOS, ARTIGOS E PUBLICACIÓNS MUNICIPAIS E POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS TURÍSTICOS DO CONCELLO DE SARRIA

Artigo 1. Fundamento

Este Concello, de acordo co disposto nos artigos 41 a 47 e 127 do R.D. Legislativo 2/2004, de 5 de Marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, establece o prezo público pola venda de produtos, artigos e publicacións municipais e pola prestación de servizos turísticos do Concello de Sarria.

Artigo 2. Feito imponible

O feito imponible está constituído pola venda de produtos, artigos e publicacións municipais e pola la concertación na oficina municipal de turismo de visitas guiadas.

Artigo 3. Obrigados ao pagamento

Están obrigados ao pagamento os adquirentes dos produtos, artigos e publicacións, así como os demandantes de visitas turísticas realizadas polos informadores turísticos municipais.

Artigo 4. Contía

A contía do prezo público regulado nesta ordenanza será fixada na tarifa contida no apartado seguinte para cada un dos distintos produtos.

Artigo	Prezo (IVE incluído)
Pegatinas	1,00€
Bálsamo Labial	3,00€
Postais	1,00€
Revista	2,00€
Marcapáxinas	1,00€
Bolsas	5,00€
Abanicos	8,00€
Bolígrafos	3,00€
Vela	12,00€
Taza	10,00€
Lápices	2,00€
Chaveiro	4,00€
Alfombrilla Ordenador	6,00€
Axenda	12,00€
Libreta	7,00€
Estuche	5,00€
Camiseta Adulto	15,00€
Camiseta Infantil	10,00€
Pins	3,00€
Pulseira	2,00€
Usb	10,00€
Botella Acero	20,00€
Gorra	10,00€
Gorro	10,00€
Paraugas	17,00€
Impermeable	10,00€
Sudadera	23,00€
Imán	4,00€
Visitas guiadas turísticas	7,00€/persona

Artigo 5. Normas de xestión e ingreso

A obriga de pagar este prezo público nace desde o momento da adquisición dos produtos e no caso das visitas guiadas, no momento de concertación das mesmas. O pago do prezo público efectuarase no momento de adquisición do artigo a través de transferencia bancaria ou terminais de puntos de venda instalados na propia oficina de turismo.

Artigo 6. Infraccións e sancións

En todo o relativo á calificación de infraccións, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto na lexislación xeral administrativa e tributaria.

Artigo 7. Lexislación aplicable

En todo o non previsto na presente Ordenanza estarase ao disposto no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, a Lei Xeral Tributaria, a Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor unha vez aprobada definitivamente polo Pleno do Concello de Sarria e publicada integramente no Boletín Oficial de la Provincia y manterase en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Sarria, 6 de xuño de 2025.- O alcalde, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 1611

Anuncio

Mediante Resolución 2025-0162 de data 05/06/2025, o Presidente do O.A. Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme aprobou as bases para a ampliación da bolsa de emprego de ATS/DUE.

Ábrese o prazo de presentación de instancias de **5 días naturais**, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

BASES DA CONVOCATORIA PARA A AMPLIACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO DE ATS/DUE APROBADA POR RESOLUCIÓN 2025-0114, MEDIANTE PERSOAL LABORAL INTERINO, PARA A RESIDENCIA DE MAIORES NOSA SEÑORA DO CARME, ORGANISMO AUTÓNOMO DO CONCELLO DE SARRIA

As presentes Bases teñen coma obxectivo regular o proceso para a ampliación da vixente bolsa de ATS/DUE para a o Organismo Autónomo “Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme”, dependente do Concello de Sarria.

LEXISLACIÓN APLICABLE.

- A Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Lei 3/1983, de 15 de xuño, de Normalización Lingüística de Galicia.
- Os artigos 231 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Os artigos 21.1.g), 91, 103 e 104 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Os artigos 11 e 55 a 62 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro.
- A Lei 30/1984, de Medidas para a Reforma da Función Pública.
- Os artigos 177 e seguintes do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril.
- A Disposición Adicional Segunda do Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local.
- O Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro.

PRIMEIRA.- Obxecto da convocatoria.

O obxecto da presente convocatoria é a ampliación da vixente bolsa de emprego para a **categoría profesional de ATS/DUE**, en réxime de persoal laboral temporal, para dar cobertura ás necesidades que poidan xurdir segundo o artigo 15 do Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro.

A presente convocatoria e bases será publicada na sede electrónica do O.A. Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme <https://residenciamaioresnosasradocarme.sedelectronica.gal>

Os sucesivos anuncios relativos ás probas que convoquen faranse públicos na sede electrónica do Organismo Autónomo Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme <https://residenciamaioresnosasradocarme.sedelectronica.gal>

SEGUNDA.- Funcións da praza.

O perfil do ATS/DUE É o DO persoal provisto da titulación correspondente e con capacidade legal para o exercicio da súa profesión.

As súas principais funcións son as seguintes, sen prexuízo de que se lle poidan encomendar outras adecuadas á súa titulación e formación:

1. Vixiar e atender ás persoas usuarias, as súas necesidades xerais humanas e sanitarias, especialmente no momento en que estes necesiten dos seus servizos.
2. Preparar e administrar os medicamentos segundo prescricións facultativas, especialmente os tratamentos.
3. Tomar a presión sanguínea, o pulso e a temperatura.
4. Supervisión das dietas das persoas usuarias.
5. Colaborar co persoal médico preparando o material e medicamentos que deban de ser utilizados.
6. Ordear as historias clínicas, anotar os datos relacionados coa propia función que deban de figurar.
7. Atender ás persoas usuarias encamadas por enfermidade, supervisando que se realizan os cambios posturais prescritos, controlando o servizo de comidas ás persoas enfermas e fornecendo directamente a aqueles pacientes que dita alimentación requira instrumentalización (sonda nasogastrica, sonda gástrica, etc.)
8. Coidado e limpeza do adhesivo e o estoma daqueles usuarios colontomizados.
9. Controlar a hixiene persoal das persoas usuarias e tamén os medicamentos e alimentos que teñan nas habitacións.
10. Supervisar a limpeza e o mantemento da hixiene e salubridade nas habitacións do centro.
11. Atender as necesidades sanitarias de urxencia que teña o persoal que traballa no centro e sexan da súa competencia.
12. Realizar os pedidos de farmacia, analítica e radioloxía cando se lle requira
13. Vixiar e ter coidado da execución das actividades de tipo físico recibida polo persoal médico, observando as incidencias que poidan presentarse durante a súa realización.
14. Realizar calquera outra función, propia da súa categoría, que se considere necesaria para o correcto funcionamento do centro.

O horario e as restantes condicións de emprego (salario, xornada laboral, etc.) serán os establecidos polo Organismo Autónomo para o correspondente praza (concretamente, corresponden para o posto 02.02.04: **actualmente 32.930,41 € brutos anuais**)

A Presidencia resérvase a facultade de establecer o horario e as modificacións que considerase oportunas para o mellor desempeño do servizo, respectando, en calquera caso, as normas legais aplicables sobre a xornada de traballo e descanso.

TERCEIRA. Réxime normativo

No proceso de selección regulado polas presentes bases serán de aplicación o RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

CUARTA. Procedemento de selección

A selección efectuarase mediante concurso, debendo respectar en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e transparencia.

QUINTA. Requisitos dos aspirantes.

Os establecidos con carácter xeral no artigo 56 e concordantes do Estatuto Básico do Empregado Público e na Lei 5/2015, de 30 de outubro.

Para ser admitidos á realización das probas, os candidatos deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolucións xudiciais, para o acceso ao corpo ou

escala de funcionario ou para exercer funcións nacionais de outro Estado. No caso de ser nacional doutro Estado, non ser inhabilitado ou estar en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida o acceso o emprego público.

e) Non estar en causa de incapacidade o incompatibilidade conforme á lexislación vixente.

f) Estar en posesión do Título de Diplomatura ou Grao en Enfermería.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberase presentar o orixinal ou fotocopia compulsada da credencial que acredite a súa homologación en España, e ademais, no seu caso, a tradución xurada do título.

Todos os requisitos enumerados anteriormente deberán posuírse o día de finalización do prazo de presentación de solicitudes, debendo manterse na data na que se proceda á contratación.

SEXTA.- Instancias.

Debido **á urxencia nas necesidades de contratación** de persoal desta categoría, as solicitudes, requirindo tomar parte nas correspondentes probas de acceso nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases para a praza que se opte, dirixiranse ao Sr. Presidente do O.A. Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme, e presentaranse no Rexistro Electrónico Xeral do O.A. Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de **5 días naturais** contados a partir do **día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo**

A presentación de instancias por parte dos aspirantes supón a aceptación íntegra destas Bases e do seu contido.

As instancias deberán axustarse ao modelo oficial que figura no **Anexo I** das presentes Bases e ir acompañadas de copia da seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI, pasaporte ou documento que acredite a identidade.
- Declaración responsable de que cumpre todos os requisitos necesarios para se presentar ao proceso selectivo.

Os/as aspirantes con minusvalías deberán facelo constar na solicitude, co fin de facer as adaptacións de tempo e medios necesarios para garantir a igualdade de oportunidades co resto de aspirantes.

- Fotocopia da titulación requirida para ser admitido/ao proceso selectivo.
- Fotocopia da documentación acreditativa dos méritos alegados para a fase de concurso, xunto cunha relación circunstanciada dos mesmos.
- Celga 4 (no caso de non ter a titulación, deberase realizar unha proba)

Os sucesivos anuncios relativos ás probas que convoquen faranse públicos na sede electrónica do O.A. Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme
<https://residenciamairesnosasradocarme.sedelectronica.gal>

SÉTIMA.- Admisión e exclusión de aspirantes.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Presidencia do Organismo Autónomo ditará unha resolución no prazo de **2 días hábiles**, que se publicará na sede electrónica **<https://residenciamairesnosasradocarme.sedelectronica.gal>**, declarando aprobada a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión e outorgando o prazo de **2 días hábiles**, a contar dende o seguinte ao da publicación da dita resolución, para presentaren as reclamacións oportunas ou emendaren os defectos existentes, nos termos do artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. De non existir persoas excluídas, aprobarase con carácter definitivo a listaxe de persoas admitidas.

Transcorrido o prazo de emenda de defectos, a Presidencia declarará aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, que se publicará na sede electrónica **<https://residenciamairesnosasradocarme.sedelectronica.gal>**, na citada resolución fixarase a composición do Tribunal.

De non presentarse reclamacións, a lista provisional entenderase elevada automaticamente a definitiva.

OITAVA.- Tribunal Cualificador.

O Tribunal cualificador será designado pola Presidencia, en virtude do establecido no artigo 21.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e, en base ao establecido pola Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia e Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, así como no artigo 7 dos Estatutos do Organismo Autónomo. O Tribunal terá a composición seguinte:

- Presidencia (Titular e suplente): Unha persoa funcionaria de carreira ou laboral fixo pertencente a un corpo ou escala para o ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.
- Vogalías (Titulares e suplentes): Tres persoas funcionarias de carreira ou laborais fixos pertencentes a un corpo ou escala para o ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.
- Secretaría (Titular e suplente): Secretario do Concello ou quen legalmente a substitúa.

A composición do tribunal, que se dará a coñecer xunto coa relación definitiva de persoas admitidas, deberá axustarse aos principios de imparcialidade e tenderá a paridade entre homes e mulleres.

O Tribunal non poderán constituírse nin actuar sen a presenza, polo menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso as persoas que ocupen a Presidencia e a Secretaría, ou persoas en quen deleguen. De todas as reunións que faga o Tribunal, quen asuma a Secretaría redactará a correspondente acta.

Os membros do Tribunal absteranse de intervir e o comunicarán á autoridade que convoca cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 23.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. As persoas aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

O Tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan en aplicación das presentes bases, así como nos casos non previstos polas mesmas.

NOVENA.- Proceso selectivo.

O proceso selectivo levarase a cabo baixo o sistema de concurso; as persoas que non estén en posesión do Celga 4 deberán realizar a proba de galego.

A data, hora e lugar de celebración da proba de galego, no seu caso, será anunciada oportunamente na sede electrónica <https://residenciamaioresnosasradocarme.sedelectronica.gal> en consonancia coas presentes bases.

A) Proba de Idioma galego.

De carácter obrigatorio e eliminatorio.

O artigo 51.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia establece que: “[...], para darlle cumprimento á normalización do idioma galego nas Administracións Públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas Administracións Públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do Galego por parte dos poderes públicos de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das Administracións Públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei incluírase un exame de galego, agás para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega consonte a normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, se é o caso, a valoración do coñecemento da lingua galega.”

Polo tanto, o exercicio consistirá en realizar unha proba escrita sobre o coñecemento da lingua galega. As persoas aspirantes deberán traducir un pequeno texto, facilitado polo Tribunal, de **castelán para o galego ou de galego para o castelán**. Esta proba terá unha duración de **10 minutos** e cualificarase de “apto/a” ou “non apto/a”, quedando eliminadas as persoas aspirantes que non acaden a cualificación de apto ou apta, declarándose NON APTOS aqueles que cometan 20 erros ou máis.

Quedarán exentos de celebrar este exercicio aqueles aspirantes que aporten antes da súa celebración título oficial de coñecemento do **idioma galego Celga 4 ou equivalente, debidamente homologado, correspondente ao nivel de estudos esixidos para participar nas probas selectivas, segundo a Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014.*

Os resultados da proba de galego serán publicados na sede electrónica <https://residenciamaioresnosasradocarme.sedelectronica.gal>, outorgándose un prazo de 1 días natural, a partir do día seguinte ao da referida publicación, para que as persoas aspirantes presenten alegacións á mesma.

B) FASE DE CONCURSO (30 PUNTOS)

Rematada a proba de galego, no seu caso, e, unha vez resoltas as alegacións presentadas ás puntuacións, se as houbese, os membros do tribunal valorarán os méritos alegados polas persoas que a superaron.

Non se valorarán os méritos que non fosen alegados e xustificandos durante o prazo de presentación de instancias.

A valoración farase de acordo co seguinte baremo:

1.- EXPERIENCIA PROFESIONAL (15 PUNTOS):

- Por estar desempeñando ou haber desempeñado postos de traballo de ATS/DUE, en RESIDENCIAS PÚBLICAS OU PRIVADAS: 0,25 PUNTOS por cada mes de servizo.
- Por estar desempeñando ou haber desempeñado postos de traballo de ATS/DUE, en OUTRO TIPO DE ENTIDADES, PÚBLICAS OU PRIVADAS: 0,20 PUNTOS por cada mes de servizo
- Por estar desempeñando ou haber desempeñado postos de traballo de auxiliar de enfermería, auxiliar de clínica ou similar, en RESIDENCIAS PÚBLICAS OU PRIVADAS: 0,15 PUNTOS por cada mes de servizo
- Por estar desempeñando ou haber desempeñado postos de traballo de de auxiliar de enfermería, auxiliar de clínica ou similar, en OUTRO TIPO DE ENTIDADES, PÚBLICAS OU PRIVADAS: 0,10 PUNTOS por cada mes de servizo

Os servizos prestados acreditaranse coa presentación dun certificado de servizos prestados emitido pola entidade/empresa na que prestou os servizos ou ben mediante a presentación conxunta da vida laboral e os contratos ou nomeamentos.

Para ser valorada a experiencia profesional, requírese que dos documentos achegados se poidan desprender con suficiente claridade as funcións desempeñadas, ben por prestar os servizos na categoría ou posto ao que se opta, ou ben pola descrición das actividades desenvolvidas.

2.- FORMACION COMPLEMENTARIA (13 PUNTOS): Por cursos relacionados co posto de traballo, impartidos pola Administración Pública, Universidades ou entidades homologadas para a impartición de formación do ámbito do sector público, Coa seguinte valoración:

- De ata 50 horas, 0,30 puntos.
- De máis de 51 horas, 0,50 puntos.

Os cursos acreditaranse mediante a presentación de certificacións ou dos diplomas xustificativos da súa realización.

3.- OUTROS: Por haber prestado **SERVIZOS DE VOLUNTARIADO** a comunidade nos derradeiros dous anos, **2 PUNTOS**.

Acreditarase mediante carné de voluntario en vigor e certificado dos Organismos onde prestou ditos servizos.

As puntuacións obtidas polos aspirantes na fase de concurso publicaranse na sede electrónica <https://residenciamaioresnosasradocarme.sedelectronica.gal>

Concederase un prazo de **1 día natural** para os efectos de alegacións polos aspirantes, que se contará desde o día seguinte a data de publicación dos resultados na sede electrónica <https://residenciamaioresnosasradocarme.sedelectronica.gal>

DÉCIMA.- Relación de persoas aprobadas e presentación de documentación:

Remata a proba de galego, no seu caso, e a valoración de méritos, e resoltas as alegacións, no seu caso, o tribunal publicará na sede electrónica <https://residenciamaioresnosasradocarme.sedelectronica.gal> a relación de aspirantes por orde de puntuación, propoñendo a ampliación da bolsa de emprego formada polos aspirantes que superaron o proceso por orde de puntuación, e a continuación do último aspirante da vixente bolsa de emprego.

O tribunal elevará proposta, ademais da acta da derradeira sesión, á Presidencia para que proceda á resolución de expediente de selección e orde da bolsa.

As persoas aspirantes incluídas na bolsa achegarán no prazo de **2 días naturais**, contados a partir da publicación da listaxe de persoas aprobadas na sede electrónica <https://residenciamaioresnosasradocarme.sedelectronica.gal> os documentos seguintes:

- Copia compulsada ou copia auténtica de:
- Fotocopia da titulación académica esixida na convocatoria.
- Fotocopia do título de Celga 4 ou titulación equivalente (só no caso de non ter que realizar a proba de galego).
- Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.
- Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

- Declaración xurada de non atoparse en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa toma de posesión.
- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e certificado de conta bancaria.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Creación e funcionamento da bolsa.

A bolsa estará formada polas persoas aspirantes que houberan aprobado o proceso selectivo en orde a súa puntuación, a continuación do último integrante da vixente bo, e funcionará do seguinte modo.

1-SITUACIÓN NAS BOLSAS DE EMPREGO:

“ As persoas que se atopen conformando parte nas bolsas de traballo do O.A. Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme poderanse atopar nalgunha das seguintes situacións:

a) “DISPONÍBLE”

Situacións dende a que o/a integrante da bolsa pode recibir o chamamento de oferta de contratación laboral ou nomeamento funcionario interino/a, segundo o réxime da bolsa

b) “OCUPADO/A”

Situación que indica que se atopa prestando servizos no O.A. Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme, independentemente do posto desempeñado.

O cambio da situación de dispoñible a ocupado e viceversa realizarao de oficio o responsable da xestión das bolsas unha vez remate o contrato/nomeamento

c) “SUSPENSIÓN DE CHAMAMENTOS”

O/A integrante da bolsa atoparase na situación de “suspensión de chamamentos” cando solicite expresamente e por escrito que non se realicen chamamentos para contratacións ou nomeamentos.

O/A interesado/a, mentres se atope neste situación, non será requirido/a para novas ofertas e non será penalizado, mantendo o mesmo posto na lista. Se desexa estar dispoñible para novos chamamentos deberá comunicalo expresamente por escrito.

d) “EXCLUÍDO”

Situación que comportará a exclusión definitiva do/a aspirante da bolsa de traballo e que se producirá por algunha das seguintes causas:

- 1. Rexeitar un chamamento sen xustificalo nas causas establecidas que determinan o pase ao final da lista.*
- 2. Simular ou falsear calquera das causas que xustifican o rexeitamento de ofertas de traballo*
- 3. Separación ou despido do servizo mediante expediente disciplinario*
- 4. Toda renuncia voluntaria ou ruptura da relación laboral temporal ou funcional interina co O.A. Residencia de Maiores Nosa Sra. Do Carme, se é o caso, sempre que non sexa por algunha das causas de xustificación de rexeitamento de oferta*

e) “ILOCALIZABLE”

Situación na que se atoparían aqueles/as integrantes da bolsa que non fora posible localizalos pola Administración vía telefónica ou vía correo-electrónico que facilita o/a aspirante.

O/A interesado/a en situación de “ilocalizable” non será chamado/a para novas ofertas ata que non cambie a súa situación a “dispoñible” (cambio que deberá solicitar expresamente e por escrito)

2 - REALIZACIÓN DOS CHAMAMENTOS

Cando sexa preciso levar a cabo a contratación ou nomeamento de persoal, os chamamentos realizaranse do seguinte xeito:

- Realizaranse 3 chamadas telefónicas cunha diferenza de media hora entre cada chamada. Se non hai resposta á terceira chamada, o aspirante pasará ao final da bolsa de emprego e enviaráselle un correo electrónico, no caso de haber comunicado o mesmo, para avisalo da situación. Se non responde ao correo nun prazo de tres días naturais, pasará á situación de “ilocalizable”; se non facilitou un correo electrónico, pasará á situación de “ilocalizable” directamente despois da terceira chamada sen resposta.
- ®En casos de urxencia acreditada, poderase realizar un único chamamento a cada aspirante e, no caso de non contestar, pasarase ao seguinte, neste caso sen penalización.
- Os chamamentos comezaranse polo principio da bolsa, dende o número 1 e seguindo a súa orde segundo a dispoñibilidade e estado das persoas integrantes da mesma.
- Cando se teñan que realizar varios chamamentos da mesma bolsa de emprego nun período non superior a 15 días hábiles, continuarase dende o último chamamento realizado.

- Cando se realicen chamamentos, deixarase constancia no expediente cunha dilixencia asinada pola persoa que realice os mesmos, indicando a data e hora das chamadas e a resposta recibida.
- Se a persoa rexeita o chamamento:
 - a. Pasará ao final da lista no caso de presentar algunha das seguintes xustificacións dentro dos tres días naturais seguintes ao chamamento:
- Por razón de enfermidade que lle impida o desempeño do traballo ao momento do chamamento.
- Esta situación xustificarse mediante a achega da correspondente baixa médica ou certificación oficial do médico de familia.
- Por maternidade, paternidade ou adopción ou acollemento, durante o tempo que legalmente corresponda.
- Esta situación xustificarse con fotocopia do libro de familia ou, se non, informe médico.
- Por atoparse en alta no réxime xeral da Seguridade Social ou en calquera dos seus réximes especiais no momento do chamamento ou iniciar tal prestación dentro do mes seguinte á data de inicio do contrato ou nomeamento ofertado.
